



## NOTIFICACIÓN DE CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía do Concello de Cee procedeu a convocar a sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal que deseguido lle notifico:

### CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO:**

#### PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

**Día:** venres 25 de xuño de 2021

**Hora:** 20:00

**Lugar:** SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

#### A) PARTE RESOLUTIVA

**1. Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

- I. Borrador da sesión celebrada o 28 de maio de 2021.

#### **DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA**

**2. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación da Conta Xeral 2020. Expediente Nº 2021/T017/000001.**

#### **DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO**

**3. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Convenio para a asunción pola Administración Xeral da CCAA de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para as prazas de Auxiliares de Policía Local. Expediente Nº 2020/A005/000003.**

#### **B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.**

**4. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento:**

Da Nº 532/2021 do 24 de maio á Nº 622/2021 do 18 de xuño.

**5. Dar conta ao Pleno da Corporación dos reparos e anomalías de Ingresos 2020, conforme ao artigo 218 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Expediente Nº 2020/X999/000040.**

**6. Mocións de urxencia.**

**7. Rogos e preguntas.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## SEGUNDO

Se informa, aos efectos oportunos, que de conformidade co artigo 16.3 do ROF: *Os membros da Corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente das que han de servir de antecedente para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que poida serlles facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.*

## TERCEIRO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

## CUARTO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

A secretaria, Rocío Hermida Cancela